


SOCIEDADES  
MERCANTÍS








## SOCIEDADES MERCANTÍLS



## CONTIDO

<b>I.</b>	<b>SOCIEDADES MERCANTÍS</b>	<b>7</b>
I.1.	PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	21
I.1.1.	CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.	21
I.1.2.	SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO	45
I.1.3.	GALICIA CALIDADE, S.A.U.	65
I.2.	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	81
I.2.1.	SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.	81
I.3.	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	105
I.3.1.	SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO, S.A.	105
I.3.2.	XESGALICIA, SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES	121
I.3.3.	PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A.	139
I.3.4.	XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA - XESTUR, S.A.	159
I.4.	CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	179
I.4.1.	REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.	179
I.5.	CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	199
I.5.1.	SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.	199
I.6.	CONSELLERÍA DE SANIDADE	217
I.6.1.	GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.	217
I.7.	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	241
I.7.1.	EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.	241
I.7.2.	XENÉTICA FONTAO, S.A.	255





## SOCIEDADES MERCANTÍLS





A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico.

O sector público autonómico, ademais de pola propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado polas seguintes entidades:

- a) Entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia: os Organismos Autónomos, as Axencias públicas autonómicas, as Entidades públicas empresariais e os Consorcios autonómicos.
- b) Outras entidades instrumentais respecto das que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exerce xuridicamente, de forma directa ou indirecta, unha posición de dominio, entendendo como tal, para estes efectos, aquela na que se exerce un control análogo ao dos propios servizos da Administración: Sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións do sector público autonómico.

Estas entidades teñen personalidade xurídica propia e diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, contan con patrimonio e tesouraría propios e gozan de autonomía de xestión nos termos establecidos na lei.

Son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais autonómicas. Tamén son incluídas neste anexo ás sociedades mercantís que, sen teren a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.
- b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais autonómicas teñan dereito a nomear ou a separar a maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

As sociedades mercantís autonómicas réxense, calquera que sexa a súa forma xurídica, polo ordenamento xurídico privado, sen prexuízo do establecido na Lei 16/2010, na lexislación de contratos do sector público, na normativa de subvencións e nas especialidades previstas no resto da normativa aplicable. As sociedades mercantís autonómicas en ningún caso disporán de facultades que impliquen o exercicio de potestades administrativas.

---

O orzamento das sociedades mercantís públicas autonómicas é estimativo ao abeiro do disposto no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeira e Orzamentaria de Galicia. A súa conversión orzamentaria é indicativa.

As sociedades mercantís públicas autonómicas que integran este orzamento para o 2025 son as que se relacionan a continuación:

1. Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.
2. Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
3. Galicia Calidade, S.A.U.
4. Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.
5. Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.
6. Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.
7. Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.
8. Xestión do solo de Galicia - Xestur, S.A.
9. Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
10. Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.
11. Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A.
12. Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.
13. Xenética Fontao, S.A.

A continuación reproducense os estados financeiros das sociedades mercantís públicas autonómicas para o orzamento do ano 2025:

BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)				
	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
	2023	2024	2025	2026	2027
A) ACTIVO NON CORRENTE	514.822	499.917	521.087	547.604	560.359
I. Inmobilizado intanxible	189.101	184.055	181.606	178.674	173.386
1. Desenvolvemento					
2. Concesións	44	34	23	13	10
3. Patentes, licencias, marcas e similares	44	38	36	35	33
4. Fondo de comercio	8				
5. Aplicacións informáticas	646	974	2.007	1.714	1.395
6. Outro inmobiliado intanxible	188.359	183.009	179.540	176.912	171.949
II. Inmobilizado material	193.865	190.654	199.866	213.555	217.528
1. Terreos e construcións	55.878	54.315	52.799	51.285	49.774
2. Instalacións técnicas, e outro inmobiliado material	92.271	124.254	131.686	153.194	163.535
3. Inmobilizado en curso e anticipos	45.716	12.086	15.382	9.075	4.219
III. Investimentos inmobiliarios	28.638	28.541	41.446	56.503	70.350
1. Terreos	18.591	18.582	31.303	44.102	56.692
2. Construcións	10.048	9.959	10.143	12.401	13.658
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	12.529	11.265	15.127	15.359	14.704
1. Instrumentos de patrimonio	10.666	10.233	14.308	14.761	14.433
2. Créditos a empresas	1.572	995	781	561	234
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	290	37	37	37	37
V. Investimentos financeiros a longo prazo	79.944	76.082	74.682	76.253	77.356
1. Instrumentos de patrimonio	5.991	5.816	5.816	5.816	5.816
2. Créditos a terceiros	7.114	5.990	7.156	8.851	9.946
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	66.839	64.276	61.710	61.586	61.594
VI. Activos por imposto diferido	10.746	9.319	8.360	7.260	7.035
B) ACTIVO CORRENTE	382.421	378.805	350.214	331.498	320.470
I. Activos non correntes mantidos para a venda	204	204	204	204	204
II. Existencias	147.252	146.268	142.946	137.352	132.792
1. Comerciais	795	819	843	868	894

2. Materias primas e outros aprovisionamentos	129	150	155	170	160
3. Productos en curso	59.111	70.122	68.037	77.929	88.270
4. Productos terminados	87.190	75.150	73.883	58.357	43.439
5. Subproductos, residuos e materias recuperados					
6. Anticipos a provedores	28	28	28	28	28
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	63.723	73.657	66.241	60.271	58.084
1. Clientes por ventas e prestacións de servizos	26.046	45.939	40.706	37.818	35.494
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas	20.678	11.687	10.662	11.355	12.040
3. Debedores varios	2.765	3.185	3.195	3.204	3.219
4. Persoal	74	59	55	52	47
5. Activos por imposto corrente	825	852	830	624	550
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	13.336	11.936	10.793	7.217	6.734
7. Accionistas ( socios ) por desembolsos esixidos					
IV. Inverstimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	3.579	1.128	1.301	1.530	2.517
1. Instrumentos de patrimonio	2.507	818	985	1.207	2.087
2. Créditos a empresas	971	208	214	220	327
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	101	102	102	102	102
V. Inverstimentos financeiros a curto prazo	12.376	1.667	1.871	1.342	1.942
1. Instrumentos de patrimonio					
2. Créditos a empresas	1.820	1.619	1.829	1.300	1.900
3. Valores representativos de débeda	10.500				
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	56	48	42	42	42
VI. Periodificacións a curto prazo	892	892	897	890	945
VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	154.394	154.988	136.754	129.910	123.985
1. Tesourería	151.894	123.988	109.754	103.910	98.985
2. Outros activos líquidos equivalentes	2.500	31.000	27.000	26.000	25.000
<b>TOTAL ACTIVO ( A+B )</b>	<b>897.243</b>	<b>878.723</b>	<b>871.301</b>	<b>879.102</b>	<b>880.828</b>

BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)				
	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
	2023	2024	2025	2026	2027
A) PATRIMONIO NETO	671.218	645.680	647.666	647.485	646.200
A.1) Fondos propios	602.386	580.722	579.159	583.094	585.862
I. Capital	458.241	451.248	451.248	451.248	451.248
1. Capital escriturado	458.241	451.248	451.248	451.248	451.248
2. ( Capital non esixido)					
II. Prima de emisión	511	511	511	511	511
III. Reservas	170.696	151.460	133.747	124.727	126.332
1. Legal e estatutarias	26.912	27.160	27.469	27.834	28.268
2. Outras reservas	143.784	124.300	106.278	96.893	98.064
IV. ( Accións e participacións no patrimonio propias )					
V. Resultados de exercicios anteriores	-11.909	-8.427	-11.099	-8.494	-6.256
1. Remanente	93	93	93	93	93
2. ( Resultados negativos de exercicios anteriores)	-12.002	-8.521	-11.192	-8.587	-6.349
VI. Outras aportacións de socios	108.212	134.594	128.040	128.040	128.040
VII. Resultado do exercicio	-123.364	-148.663	-133.388	-123.038	-124.113
VIII. ( Dividendo a conta )					
IX. Outros instrumentos do patrimonio neto			10.100	10.100	10.100
A.2) Axustes por cambios de valor		-173	-173	-173	-173
I. Activos financeiros disponibles para a venda		-173	-173	-173	-173
II. Operacións de cobertura					
III. Outros					
A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos	68.832	65.132	68.680	64.564	60.511
B) PASIVO NON CORRENTE	167.427	150.914	166.316	169.121	176.596
I. Provisións a longo prazo	23.443	21.727	20.744	22.100	23.466
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal	1.191	1.191	1.191	1.191	1.191
2. Actuacións medioambientais					
3. Provisións por reestructuración					
4. Outras provisións	22.252	20.536	19.553	20.910	22.275
II. Débedas a longo prazo	22.694	12.576	36.095	45.562	56.474
1. Obrigas e outros valores negociables					
2. Débedas con entidades de crédito			32.298	43.500	55.000
3. Acredores por arrendamento financeiro	1.183	674	2.520	1.978	1.427
4. Derivados					

5.Outros pasivos financeiros	21.512	11.903	1.277	84	47
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo	98.594	96.287	92.225	86.809	84.284
IV. Pasivos por imposto diferido	22.455	20.082	17.116	14.596	12.372
V. Periodificacións a longo prazo	241	241	137	53	
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>58.597</b>	<b>82.129</b>	<b>57.319</b>	<b>62.497</b>	<b>58.032</b>
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda					
II. Provisións a curto prazo	1.053	1.103	1.105	1.074	1.076
III. Débedas a curto prazo	8.542	35.149	11.405	11.401	11.900
1. Obrigas e outros valores negociables					
2. Débedas con entidades de crédito		27.000	3.000	3.000	3.000
3. Acredores por arrendamento financeiro	616	509	534	542	551
4. Derivados					
5.Outros pasivos financeiros	7.927	7.640	7.871	7.859	8.349
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo	2.252	2.470	4.238	5.594	2.707
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	46.418	43.257	40.421	44.278	42.201
1. Provedores	6.373	5.465	5.553	5.376	5.394
2. Provedores, empresas do grupo e asociadas					
3. Acredores varios	27.592	25.573	23.306	28.978	27.248
4. Persoal ( remuneracións pendentes de pago)	2.360	1.062	1.024	1.384	1.209
5. Pasivos por imposto corrente	940	428	255	170	187
6. Outras débedas coas Administracións Públicas	6.443	8.200	8.382	7.850	7.791
7. Anticipos clientes	2.710	2.529	1.900	520	372
VI. Periodificacións a curto prazo	331	150	150	150	150
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO ( A+B+C )</b>	<b>897.243</b>	<b>878.723</b>	<b>871.301</b>	<b>879.102</b>	<b>880.828</b>

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)				
	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
	2023	2024	2025	2026	2027
A) OPERACIONES CONTINUADAS					
1. Importe neto da cifra de negocios	225.963	209.169	221.722	230.704	219.015
a) Ventas	116.234	86.287	87.360	75.374	57.635
b) Prestacións de servizos	109.729	122.882	134.362	155.330	161.380
2.Variación de existencias de ptos terminados e en curso de fabricac.	-27.155	-1.029	-3.352	-5.635	-4.576
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.	8.956	3.578	16.406	16.406	16.406
4. Aprovisionamentos	-75.764	-88.891	-98.711	-94.082	-94.452
Consumo de mercaderías	-35.294	-40.344	-34.821	-34.612	-33.907
Consumo de materias primas e outras materias consumibles	-13.900	-10.543	-10.020	-10.750	-15.799
Traballos realizados por outras empresas	-23.743	-34.458	-50.250	-45.100	-41.126
Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos	-2.826	-3.545	-3.620	-3.620	-3.620
5. Outros ingresos de explotación	27.559	25.250	28.020	27.118	27.229
Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	2.392	976	1.023	1.027	1.032
Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	25.167	24.274	26.997	26.091	26.197
6. Gastos de persoal	-81.508	-89.910	-93.376	-92.376	-92.480
Soldos, salarios e asimilados	-61.266	-68.611	-71.332	-70.611	-70.697
Cargas sociais	-19.532	-21.300	-22.044	-21.765	-21.783
Provisións	-710				
7, Outros gastos de explotación	-181.279	-183.200	-188.235	-187.726	-179.625
Servizos exteriores	-165.183	-155.505	-160.839	-161.041	-152.475
Tributos	-12.898	-26.826	-26.588	-25.875	-26.341
Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-3.177	-848	-699	-699	-699
Outros gastos de xestión corrente	-21	-21	-110	-110	-110
8. Amortización do inmovilizado	-29.928	-33.240	-33.695	-33.979	-32.027
Amortización do inmovilizado intanxible	-11.145	-13.340	-11.682	-11.757	-11.799
Amortización do inmovilizado material	-18.397	-19.515	-21.627	-21.832	-19.758
Amortización das inversións inmobiliarias	-386	-385	-386	-389	-469
9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	13.266	10.571	17.322	17.824	17.741
10. Excesos de provisións	2.912	175			
11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	55	269	278	7	82

a) Deterioros e perdas	341	266	280	280	280
Do inmovilizado intanxible					
Do inmovilizado material	341	269	280	280	280
Das inversións inmobiliarias		-3			
b) Resultado por alleamentos e outras	-285	3	-2	-273	-197
Do inmovilizado intanxible					
Do inmovilizado material	-27		-2	-2	-2
Das inversións inmobiliarias	-258	3		-271	-196
12. Diferencia negativa de combinacións de negocio					
13. Outros resultados	599	141	15	15	15
Gastos excepcionais	-73	-61			
Ingresos excepcionais	671	202	15	15	15
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	-116.323	-147.118	-133.606	-121.724	-122.672
14. Ingresos financeiros	4.880	4.457	3.005	2.636	2.443
a) De participación en instrumentos do patrimonio	44				
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	4.836	4.457	3.005	2.636	2.443
15. Gastos financeiros	-1.269	-2.314	-3.035	-3.915	-3.995
a) Por débedas con empresas do grupo	-124	-124	-124	-104	-69
b) Por débedas con terceiros.	-797	-1.827	-2.557	-3.448	-3.555
c) Por actualización de provisiones	-347	-363	-354	-362	-371
16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.					
17. Diferencias de cambio	-3	-15	-10	-10	-10
18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	-4.057	293	670	674	731
19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro					
A.2) RESULTADO FINANCEIRO (14+15+16+17+18+19)	-449	2.421	630	-615	-831
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-116.773	-144.697	-132.977	-122.339	-123.503
20. Imposto sobre beneficios	-6.591	-3.965	-411	-699	-610
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓN CONTINUADAS (A.3+20)	-123.364	-148.663	-133.388	-123.038	-124.113
B) OPERACIÓN INTERRUMPIDAS					
21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrumpidas neto de impostos.					
<b>A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)</b>	<b>-123.364</b>	<b>-148.663</b>	<b>-133.388</b>	<b>-123.038</b>	<b>-124.113</b>



Dos datos reflictidos na información financeira deriváanse unha serie de ratios a ter en conta ao analizar a sustentabilidade e a solvencia deste tipo de entidades. Así máis da metade do seu activo está constituído por activos fixos (59,8 %) e o financiamento procedente dos recursos propios da entidade é o 74,3 % para 2025. En canto á liquidez, o activo corrente supera ao pasivo corrente e a tesouraría permite cubrir as necesidades das entidades.

RATIO	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
	2023	2024	2025	2026	2027
Activo Non corrente/ Activo Total	57,4%	56,9%	59,8%	62,3%	63,6%
Activos líquidos/ Activo total	17,2%	17,6%	15,7%	14,8%	14,1%
Activos líquidos/ Activo Corrente	40,4%	40,9%	39,0%	39,2%	38,7%
Patrimonio / Activo Total	74,8%	73,5%	74,3%	73,7%	73,4%
Pasivo Non Corrente / Activo Total	18,7%	17,2%	19,1%	19,2%	20,0%
Pasivo Corrente / Activo Total	6,5%	9,3%	6,6%	7,1%	6,6%
Activo Corrente / Pasivo Corrente	6,5	4,6	6,1	5,3	5,5
Activo Líquidos / Pasivo Corrente	2,6	1,9	2,4	2,1	2,1

En canto aos orzamentos para o 2025 conforme á clasificación económica, tanto dos ingresos coma dos gastos é o seguinte:

ORZAMENTO DE GASTOS	
CAPÍTULO	ORZAMENTO 2025
Cap I.- Gastos de Persoal	93.376.092
Cap II.- Gastos en bens correntes e servizos	283.038.981
Cap III.- Gastos financeiros	2.681.001
Cap IV.- Transferencias correntes	0
Cap VI.- Investimentos Reais	38.338.768
Cap VII.- Transferencias de Capital	0
Cap VIII.- Activos Financeiros	14.229.581
Cap IX.- Pasivos financeiros	29.422.912
<b>Total</b>	<b>461.087.335</b>

ORZAMENTO DE INGRESOS	
CAPÍTULO	ORZAMENTO 2025
Cap III.- Taxas e Prezos	213.191.033
Cap IV.- Transferencias correntes	26.997.313
Cap V.- Ingresos do Patrimonio	3.649.272
Cap VI.- Alleamento de investimentos reais	701.675
Cap VII.- Transferencias de capital	22.826.651
Cap VIII.- Activos Financeiros	14.393.458
Cap IX.- Pasivos financeiros	179.327.933
<b>Total</b>	<b>461.087.335</b>

ORZAMENTO DE GASTOS	CAPÍTULO									
	ENTIDADE	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	3.517	8.560				406		191		12.673
Sociedad Pública de Invetimentos de Galicia S.A.	1.136	1.915	826			1.520		5.000	2.307	12.704
SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco S.A.		775						8.400		9.175
XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco	1.659	1.294				25		359		3.337
Galicia Calidade, S.A.U.	483	871						9		1.363
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	595	2.420	1			570		24	43	3.652
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	1.002	7.323								8.324
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	9.738	17.813				960				28.510
Xenética Fontao, S.A.	1.315	3.054				334		155		4.859
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.	11.207	7.324	70			3.214				21.815
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	1.679	128.176	1.784			20.840		92	27.000	179.571
Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.	3.067	36.210				20			73	39.371
Corporacion Radio Televisión de Galicia	57.978	67.305				10.450				135.733
(Miles de euros)										

ORZAMENTO DE INGRESOS	CAPÍTULOS								
	ENTIDADE	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	12.293			190				190	12.673
Sociedad Pública de Invetimentos de Galicia S.A.	9.236				702		2.766		12.704
SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco S.A.	104			925			3.546	4.600	9.175
XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco	3.130			206					3.337
Galicia Calidade, S.A.U.	200	496		7		660			1.363
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.932	1.089		19		612			3.652
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	2.996	5.308		20					8.324
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	28.053						457		28.510
Xenética Fontao, S.A.	4.709	150							4.859
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.	455	19.078		25				2.257	21.815
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	122.807			644		11.020		45.100	179.571
Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.	18.974	876		1.612		10.285	7.625		39.371
Corporacion Radio Televisión de Galicia	8.302					250		127.181	135.733
(Miles de euros)									



**CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA, S.A.**

**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**



---

## **I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2025 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO**

### **I.1. Descrición da entidade**

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia encoméndalle a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (Corporación RTVG).

En clave regulamentaria estase a abordar un novo marco normativo, que se adecúe á lexislación europea, alineado co programa estratéxico da Década Dixital para 2030 (Decisión UE 2022/2481), comprometido coa transformación dixital, especialmente dos servizos públicos, promovendo o obxectivo dun futuro máis próspero, sostible, inclusivo e centrado nas persoas, para construír a plataforma de comunicación audiovisual pública de Galicia.

Neste contexto o orzamento da CRTVG para 2025 recolle baixo as súas cifras a importancia do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia como impulsor da innovación, da participación social e da promoción da sociedade dixital. En consecuencia, un eixe prioritario deste orzamento é a integración, a converxencia e a transformación, mediante a adaptación inclusiva dos sistemas e organizacións tradicionais para a migración da sociedade da información á nova sociedade dixital.

A provisión do servizo céntrase, entre outros, en cinco grandes eixes da súa misión e funcións que son: a preservación dos valores fundacionais de universalidade, diversidade, proximidade, calidade, pluralismo e transparencia aos que se engaden innovación e dixitalización; a adaptación ás novas demandas e formas de consumo dos cidadáns; a reconversión tecnolóxica e organizativa para atender á converxencia de usos; as necesidades de financiamento e as formas máis eficientes de gobernanza en clave de sostibilidade; e a transparencia na rendición de contas para incrementar a confianza e a credibilidade social dos medios de comunicación audiovisual de Galicia.

En definitiva, trátase de prover un servizo público audiovisual competitivo e de calidade, baixo criterios de eficiencia, centrado nas áreas seguintes: regulamentación, gobernanza, transparencia, financiamento, dixitalización e innovación, como aspectos fundamentais que caracterizan os retos no ámbito regulamentario, no financiamento, nos modelos de gobernanza, na rendición de contas e a transparencia, na innovación ou na confianza dos cidadáns no servizo audiovisual público.

A Corporación proxecta así na actividade dos seus medios non só a faceta máis recoñecida da nosa personalidade, cultura e historia, senón que subliña a difusión das actividades con significado estratéxico no noso país en canto reflexo da vontade colectiva por concorrer no espazo global como unha sociedade avanzada.

Para conseguir os fins e ofrecer unha programación que garanta o cumprimento dos obxectivos recollidos nas disposicións normativas, a Corporación RTVG actuará conforme ás liñas estratéxicas de contidos, emisión e produción que se determinan no mandato marco.

As liñas de acción 2025 que se relacionan a continuación informan a dirección de goberno Corporativo nas áreas de contidos e innovación; emisión; produción; tecnoloxía; desenvolvemento dixital; económica-administrativa e xurídica e de xestión das persoas. En consecuencia, este orzamento 2025 contempla as dotacións necesarias para prestar cobertura orzamentaria aos retos do servizo audiovisual público.

En termos xerais o carácter tendencialmente expansivo dos créditos, xustifícase, de xeito prioritario, en: (1) impulsar a transformación dixital asociada á plataforma de servizos de comunicación audiovisual (OTT), mediante unha dotación específica destinada ao financiamento da oferta de contidos nativos dixitais da plataforma "Agalega"; por outra parte, (2) representar o efecto orzamentario que a variación do IPC proxecta sobre os custos da actividade, nomeadamente de produción de programas, informativos e deportes.

O orzamento 2025 garante unha provisión competitiva e de calidade do servizo público media. Para atender os custos derivados da tributación indirecta do servizo de comunicación audiovisual competencia da Comunidade Autónoma, dótase á aplicación de tributos cun crédito finalista para o IVE por importe de 12,0 millóns de euros. Esta dotación orzamentaria recibe o mesmo tratamento que determinadas achegas percibidas pola CRTVG en exercicios anteriores (Convenio de Colaboración asinado coa Consellería de Facenda).

O conxunto de actuacións representadas nas distintas aplicacións e nos valores que configuran o orzamento artículanse, como plan de acción, baixo o esquema seguinte: o de aspectos clave de soporte que deben facerse explícitos; o de elementos de consolidación ou perfeccionamento da transformación operada e o de elementos de impulso cara a contribuír ao avance de novos proxectos.

a) Liñas de acción en materia de contidos e innovación.

A Corporación RTVG mediante a súa identidade plataforma de servizos de comunicación audiovisual "Agalega", Radio Galega e Televisión de Galicia e servizos dixitais, ofertará aos cidadáns, a través dos distintos medios e soportes tecnoloxicamente adecuados, un conxunto de servizos e de canles que diferencien e identifiquen os contidos e o público obxecto ao que se dirixe, procurando a adaptación dos servizos públicos de comunicación á sociedade dixital. Para iso terá en conta as disponibilidades orzamentarias.

O acceso a esta oferta terá carácter universal e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da Sociedade dixital.



Nos ámbitos dos Contidos, da Programación, Difusión e Explotación destes e mais no de Servizo Público e Xeración de Sinerxía Sectorial, estreitamente relacionados en termos de xestión, as liñas de acción establecidas na xestión están a potenciar os servizos informativos como núcleo da prestación ao tempo que se avanza, adaptándose ás tendencias da demanda, na redefinición da composición temática e de formatos da oferta e da estratexia de marcas e me-dios, ampliando a repercusión sectorial da actividade.

En liña co exposto, as actuacións a realizar centraranse, entre outras, nas seguintes:

- Realizar unha provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital baixo criterios de eficiencia favorecendo a visión integral da oferta de servizo público, colocando á audiencia no centro da estratexia Corporativa.

- A transformación tecnolóxica afecta á difusión, acceso, conexión e consumo por parte dos usuarios, espectadores ou consumidores. Isto proxecta o seu efecto na transformación da produción, da programación, financiamento e organización Corporativa. Neste contexto "Agalega " promove de xeito decidido unha contorna de servizos dixitais inclusiva e aberta, cunha dotación de crédito específica, baixo o obxectivo de liderar a referencia audiovisual dos servizos e contidos en lingua galega, nomeadamente de ficción, informativos, divulgativos, deportes e entretemento.

- Implantar o sistema de produción dixital da Radio Galega.

- Impulsar a multimedialidade das instalacións da RG, mellorando as capacidades con outro estudio multimedia. Isto supón un avance no concepto transmedia das redaccións.

- Continuar a mellorar o esquema de contidos da plataforma pública de audio/podcast en Galicia e en galego. Isto permite difundir os contidos da Radio Galega en formato baixo demanda, así como a emisión de contidos sonoros nativos dixitais.

- Creación dun modelo de arquivo en soportes dixitais. O Arquivo da CRTVG ten unha función de documentación que xa está cuberta na actualidade, pero requírese incorporar a función de distribución e difusión. É preciso crear unha plataforma que permita a súa difusión á sociedade galega a través de plataformas dixitais.

- Avanzar na explotación completa das posibilidades técnicas e narrativas do novo plató 300.

- Expandir o proxecto G24 baixo un instrumento app que permita ao usuario unha experiencia máis personalizada en actualización continua e optimizado para o uso en soportes móbiles.

---

- Impulsar a redifinición de novos proxectos funcionais e tecnolóxicos que lle dean plena coherencia ao arquivo de produtos nativos dixitais de CRTVG, que medra ao ritmo de 20.000 horas anuais.

- Potenciar o traballo nas redes sociais como instrumento para a provisión de contidos xerando un esquema de comunicación con un gran potencial de retroalimentación, mesmo para establecer audiencias dinámicas que faciliten a participación nos seus contidos televisivos.

- Avanzar, para completar, na integración plena de medios da Corporación de forma que incorpore ás delegacións territoriais da CRTVG.

- Incorporar esquemas de intelixencia artificial a utilizar tanto na redacción de textos como na lectura e creación de voces sintéticas, na estrutura informativa e na xeración de imaxes. En termos de alcance se pode aplicar en documentación, edición de vídeo, post-produción e grafismo.

- Implantar solucións con intelixencia artificial para mellorar a eficacia da comercialización publicitaria.

- Mellora na medición de audiencias en televisión, radio e canais dixitais.

- Creación de novos procesos de emisión e certificación da publicidade na Radio Galega.

- Novo sistema de venda de produtos da CRTVG a plataformas dixitais.

- Evolución do sistema de conexión de datos (Data Hub) da CRTVG. O sistema de conexión de datos actual da CRTVG permite un seguimento pro-fundo das audiencias en televisión, radio e canais dixitais. Neste contexto, cómpre iniciar un proceso evolutivo para a incorporación de ferramentas "intelixentes" que permitan a xestión dun maior volume de datos.

- Evolución técnica da plataforma Agalega, Agalegaudio e Xabarin. A plataforma OTT alcanzará no ano 2025 o seu segundo ano de funcionamento e cómpre establecer os mecanismos de evolución necesarios derivados do avance tecnolóxico. Esta evolución debe centrarse na mellora constante da experiencia dos usuarios.

- Supervisión dos procesos de creación e emisión dos contidos textuais da TVG e TVG2 a través das Guías Electrónicas de Programación (EPG).

b) Liñas de acción na área de emisión.

Con soporte nas súas dispoñibilidades orzamentarias, manterá a emisión das canles dixitais, de radio e televisión, que seguirán ás seguintes liñas estratéxicas:

- As emisións de radio e televisión terán o maior ámbito de cobertura posible dentro do territorio autonómico.

- A Corporación RTVG manterá unha estratexia de presenza de marca nos sistemas de transporte de sinal legalmente previstos para as canles dixitais e os dispositivos de televisión e radio en mobilidade.

### I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
E4	COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E4	PA.4.3	POTENCIAR A CULTURA E A LINGUA GALEGA COMO ELEMENTOS CLAVE PARA CONSTRUIR UNHA SOCIEDADE INCLUSIVA E COHESIONADA E QUE CONTRIBÚA Á CALIDADE DE VIDA DA CIDADANÍA.

c) Liñas estratéxicas e obxectivos de produción.

A Corporación RTVG fixará os seus obxectivos de produción en atención aos principios de eficiencia, calidade e rendibilidade do servizo prestado, baixo a premisa de manter o pulso da competitividade, debendo atender, sempre que a dispoñibilidade orzamentaria o permita, as seguintes políticas en materia de contratación de dereitos:

- A programación informativa dos diversos medios e os programas de carácter institucional será realizada e executada cumprindo as liñas estratéxicas de produción, programación e emisión.

- Manterase o nivel de colaboración en aspectos de carácter material ou técnico da cadea de produción co fin de contribuír ao desenvolvemento, dinamización e colaboración co sector audiovisual de Galicia, como establecen e aconsellan as políticas audiovisuais europeas.

A Corporación RTVG para o desenvolvemento e consecución destes obxectivos estratéxicos e da misión de servizo público que ten encomendadas, actuando baixo o obxectivo de rendibilidade social e eficiencia económica, pretende desenvolver para o ano 2025 as seguintes actuacións:

- Promover os principios inspiradores da programación sinalados nas disposicións normativas, nomeadamente a promoción e difusión da cultura e lingua galega, así como a defensa da identidade de Galicia.

---

- Execución operativa das actuacións acollidas no Plan Xeral de Actuación da Corporación.

- Contribuír ao desenvolvemento da sociedade dixital, para o cal vai traballar nos catro vectores que a Estratexia dixital de Galicia 2030 determina que debe ter unha empresa pública: igualdade dixital, foco nas persoas, impulso dun ecosistema dixital forte e liderado dixital. Nesa clave ten emprendido un programa de innovación aberta entre o seu persoal na medida que nel radica o talento que é o seu motor como empresa.

- Promover a xestión do valor público para a cidadanía e a sociedade como estratexia de lexitimación do servizo audiovisual público. Proponse a súa potenciación a través dos valores, da innovación e da implicación dos grupos de interese. O valor público céntrase en oito vectores: participación, calidade, independencia, diversidade, proximidade, innovación, valor engadido e responsabilidade.

- Xestionar a transformación dixital fortalecendo os espazos de innovación, a estratexia dixital, a programación de contidos culturais, estratexias sobre públicos infantís e xuvenís, coordinación de valores públicos e políticas de igualdade e diversidade que poñan o énfase nunha nova narrativa de xestión das corporacións audiovisuais. Preténdese así, poñer o foco no valor público porque destaca como unha narrativa de diferenciación do servizo público media fronte a un ecosistema comunicacional amplo e complexo.

- Contribuír na proxección de Galicia cara ao exterior ofrecendo programación, emisións e información de calidade que contribúan a esta proxección.

- Executar liñas de acción comprometidas cunha tracción decisiva como motor do sector audiovisual galego, na medida que está implicada de xeito activo coa elaboración da maioría dos seus contidos en Galicia.

d) Liñas de acción en materia de tecnoloxía.

- Os principais obxectivos na área de tecnoloxía e medios están centrados en reforzar as capacidades operativas da actividade produtiva, conscientes de que a tecnoloxía xoga un papel moi importante no sector do entretemento e medios. Unha actividade liderada por persoas e potenciada pola tecnoloxía cara a favorecer unha plataforma dixital máis rica e inmersiva sensible a aspectos de realidade virtual, intelixencia artificial e metaverso.

- Renovación do estudio de continuidade e dos sistemas de almacenamento, matrices, mesturadores e grafismo.

- Mellora e renovación do sistema de produción da radio, incorporando funcionalidades de xestión de podcast, publicación de contidos nas redes sociais e plataformas web e a elaboración de contidos multimedia.

- Substituír o sistema de iluminación do plató 300.
- Acometer unha actuación destinada a renovar o sistema de conmutación (switches) da rede de sistemas de información.
- Mellorar o esquema de ciberseguridade incorporando tecnoloxía NAC e a segmentación da rede por áreas, co fin de contribuír a garantir unhas infraestruturas dixitais e de datos seguras.
- Substituír o sistema de xeradores de caracteres (sistema de printers) dos estudos.
- Modernización dos bens de equipo e renovación selectiva do parque de ordenadores.

e) Liñas de acción en materia económica e xurídica.

- No ámbito Económico-Administrativo e de Xestión preténdese o perfeccionamento da administración e a mellora da eficiencia. En todo caso, a mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro da información económica-financeira, a consolidación da implantación da administración electrónica e o saneamento económico financeiro, que é xa un dato característico consolidado.

- No ámbito Xurídico, a preservación das garantías en orde á salvagarda da responsabilidade xurídica Corporativa e mesmo na xestión estratéxica dos recursos humanos.

Outras dimensións relevantes da xestión de soporte que deberán terse en conta son a consolidación do modelo de xestión, do equilibrio e da autonomía en termos financeiros; a incorporación á dinámica dese equilibrio das novas posibilidades de xeración de valor a partir da actividade e os seus efectos; a persistencia, en clave de perfeccionamento continuo, na mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro de información de natureza económico-financeira e da súa capacidade para xerar coñecemento estratéxico.

f) Liñas de acción en materia de xestión das persoas.

- Na área de xestión de recursos humanos continúaase a executar operativamente o plan laboral centrado nas persoas e comprometido coa estabilidade no emprego. Este se articula de xeito prioritario sobre os vectores seguintes: estabilidade no emprego, clima laboral, coidado do entorno de traballo, estudo da implantación de instrumentos colaborativos, recoñecemento e participación dos traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e formación continua.

- As actuacións están focalizadas en propiciar contornos que contribúan a favorecer o desenvolvemento profesional, a iniciativa e unha maior satisfacción laboral. Mesmo continuar mellorando a xestión operativa dos recursos humanos en relación coa nova organi-

zación produtiva, dotándoa dun sistema de xestión integral que impulse avances en clave de desenvolvemento profesional e rendemento operacional e estratéxico.

Estas actuacións constitúen principios que están presentes na área da xestión das persoas e na organización nun horizonte temporal con vocación estrutural.

- O esquema de xestión desenvolvido permite conformar un conxunto de medidas que, xunto coa actualización do cadro de persoal, facilite unha contribución activa cara a: mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica, proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa re-formulación da cultura corporativa, ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión e soporte para a estabilización no emprego de todo o cadro de persoal, mellorar así a capacidade de gobernanza facilitándolle ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación RTVG a toma de decisións.

En resumo, os retos están centrados nas novas competencias que demande a actividade e tamén en xestionar o cambio de forma acompañada coas necesidades produtivas mellorando as capacidades de adaptación estratéxica.

- Elaborar e executar un plan de formación continua que atenda nos seus contidos as necesidades de formación do conxunto das persoas ao servizo da Corporación.

- Executar un proceso de promoción interna como recoñecemento do talento propio, para facilitar a promoción das persoas traballadoras.

- Finalmente, en perspectiva de proxección institucional sobre a sociedade, a Corporación deberá manter as súas alianzas para os proxectos en I+D+i que, asemade, repercutan na súa concorrencia de mercado e acheguen valor aos sectores económicos correspondentes do país; sintonizar a súa co-municación externa coa re-definición da pirámide de marcas que poida darse; actualizar e mellorar os sistemas convencionais desa comunicación directa co seu público e incrementar o aproveitamento analítico da información xerada por esa vía; persistir e profundar no estudo da súa notoriedade como referencia de efecto social que completa e matiza a simple valoración de audiencias; considerar analiticamente en conxunto a suma de convenios asinados con entidades do terceiro sector e establecer ao respecto unha estratexia ordenada de actualización, normalización e eventual ampliación sectorial para constituíla nun vector de responsabilidade social corporativa; continuar perfeccionando os seus instrumentos de transparencia, nomeadamente os de alcance xeral. En definitiva, ampliar e continuar mellorando a estratexia de responsabilidade social corporativa asociada ao concepto de valor público como parte dunha estratexia global de proxección social que foi perfilando nos últimos anos.

A promoción da sostibilidade ambiental e económica, da igualdade de oportunidades e trato para mulleres e homes, e do respecto á diferenza plásmanse así tanto na actividade de comunicación como na xestión interna. Engádesse a isto, en clave de prestación do servizo público encomendado, a promoción do uso e o impulso á vitalidade da lingua galega.

Internamente, como horizonte de referencia na xestión do persoal, sitúase a consecución dun emprego de calidade. As actuacións e avances nese sentido están informadas transversalmente polos principios de igualdade de trato e respecto á diferenza, así como polos de xestión do cadro que se mencionaron, e concréntanse, alén da estabilidade contractual e un nivel retributivo axeitado, nun marco estable de diálogo social, nun medio laboral san e seguro, nunha organización e xestión do tempo de traballo humanizadora e que promove a conciliación e a co-responsabilidade no fogar entre homes e mulleres, o mesmo que nun recoñecemento e promoción do talento.

Resulta así un vector moi destacado, transversal e obxecto asemade de actuacións específicas, tanto na dinámica interna da CRTVG como na súa actividade de comunicación, o seu compromiso coa igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, e coa erradicación do maltrato. Na dimensión especificamente empresarial iso supón o desenvolvemento activo de políticas que a integren, así como o impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de trato e oportunidades como un principio estratéxico explícito da política Corporativa.

Doutro lado, incardínase na proxección social, agora en sentido externo, o papel motor da CRTVG nos sectores TIC e audiovisual, o mesmo que o seu impulso ao desenvolvemento da sociedade dixital.

En todas esas perspectivas o compromiso da CRTVG é de extensión e consolidación das políticas existentes desde unha traxectoria de xestión estratéxica sostida. A compoñente literalmente de extensión considerárase de xeito especial no plano institucional en canto á relación coas instancias en que se organiza a sociedade civil, nomeadamente co terceiro sector. Deste xeito atenderase a estabilizar e formalizar mediante convenios que a consoliden e doten de maior rendibilidade social a densa rede de relacións da CRTVG con diversas iniciativas nese ámbito. Tamén a incrementar o coñecemento estratéxico das necesidades sentidas e pareceres do público, fiel e potencial, dos medios e canles da Corporación mediante estudos sistemáticos.

### 1.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2025	2026	2027
OE.4.3.01	ESTIMULAR A PRODUCCIÓN CULTURAL E A SÚA DISTRIBUCIÓN, APOIANDO A INNOVACIÓN CULTURAL E A TRANSVERSALIDADE DA CREATIVIDADE NOS SECTORES PRODUTIVOS, FACILITANDO O ACCESO Á CULTURA DA CIDADANÍA E AVANZANDO NA SÚA PROXECCIÓN EXTERIOR E INTERNACIONALIZACIÓN. APOIAR Á INDUSTRIA DE CONTIDOS CULTURALS	135.732.942	135.732.942	135.732.942
	<b>TOTAL</b>	<b>135.732.942</b>	<b>135.732.942</b>	<b>135.732.942</b>

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2025	2026	2027
0008	EMISIÓN E PRODUCCIÓN DE CONTIDOS DE CALIDADE DE RADIO E TELEVISIÓN EN GALEGO.	135.732.942	135.732.942	135.732.942
	<b>TOTAL</b>	<b>135.732.942</b>	<b>135.732.942</b>	<b>135.732.942</b>

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2025	2026	2027	UNIDADES
P01006	Emisión de programas producidos en Galicia na RG	7.525	7.525	7.525	Horas
P01007	Emisión de programas producidos en Galicia na TVG	6.650	6.650	6.650	Horas
P01126	Contidos publicados nas canles dixitais da CRTVG	100.000	100.000	100.000	Número

## I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2025	CONCELLO
INVESTIMENTOS INTANXIBLES	2.023	2.028	44.190.500	7.246.000	1538078
INVESTIMENTOS MATERIAIS	2.023	2.028	19.276.798	3.204.000	1538078
		<b>TOTAL</b>	<b>63.467.298</b>	<b>10.450.000</b>	

## I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	57.977.689	67.305.253	10.450.000
<b>TOTAL</b>	<b>57.977.689</b>	<b>67.305.253</b>	<b>10.450.000</b>

## I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

### I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

#### INGRESOS

#### Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2025	2026	2027
Ingresos Publicitarios Netos	7.570.000	7.570.000	7.570.000
Outras Vendas	702.000	702.000	702.000
Outros Ingresos de Xestión	30.000	30.000	30.000
<b>TOTAL</b>	<b>8.302.000</b>	<b>8.302.000</b>	<b>8.302.000</b>

- O Orzamento de Explotación ascende a 135.814.942 euros. No mesmo inclúense as "Vendas e outros ingresos de explotación" (8.302.000 euros), os "Ingresos de Capital Transferidos ao Resultado do Exercicio" (332.000 euros) e as "Achegas Patrimoniais" (127.180.942 euros).



- O Orzamento Consolidado ascende a 135.732.942. No mesmo inclúense as “Vendas e outros ingresos de explotación” (8.302.000), as “Achegas Patrimoniais” (127.180.942 euros), e as “Subvencións de Capital” (250.000 euros).

## GASTOS

### Gastos de persoal

	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Nº Empregados	883	883	883
Custo Total	38.277.055	41.731.717	43.839.567
Custo Medio	43.349	47.261	49.648

O custo medio dos gastos de persoal calcúlase tendo en conta unicamente a masa salarial.

### Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027
620 Gastos Investig. e Desenvolv. do Exer.	341.815	365.900	587.000	587.000	587.000
621 Alugueiros e Cánones	3.846.821	3.932.000	4.038.300	4.038.300	4.038.300
622 Reparacións e Conservación	1.650.032	1.649.700	1.663.000	1.663.000	1.663.000
623 Servizos de Profesionais Independentes	1.475.520	1.601.800	1.663.000	1.663.000	1.663.000
624 Transportes	8.838	8.800	9.700	9.700	9.700
625 Primas de Seguros	101.024	112.000	128.000	128.000	128.000
626 Servizos Bancarios e Similares	170.388	178.400	177.000	177.000	177.000
627 Publicidade, Propaganda e Relac. Publicas	68.023	60.000	61.200	61.200	61.200
628 Subministracións	906.733	723.100	906.500	906.500	906.500
629 Outros Servizos	7.373.236	8.203.625	8.482.815	8.482.815	8.482.815
<b>TOTAL</b>	<b>15.942.430</b>	<b>16.835.325</b>	<b>17.716.515</b>	<b>17.716.515</b>	<b>17.716.515</b>

## CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Ó Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. correspóndenlle as competencias e funcións establecidas na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e componse de sete membros elixidos polo Parlamento de Galicia, un deles é o director xeral.

O traballo colexiado do Consello desenvólvese a través de reunións do pleno e das seis comisións de participación: Economía e Control, Igualdade, Responsabilidade Social Corporativa, Programación, Recursos Humanos e Regulamento e Réxime Interior. En

2025 está previsto realizar 12 plenos ordinarios e aproximadamente 100 reunións das comisións de participación.

Nos orzamentos para 2025, os gastos correspondentes os seis membros do Consello de Administración conségnanse no concepto de Servizos Exteriores (ver cadro anterior) incluídos na conta "629 - Outros Servizos" por importe de 489.000 euros, glosado en Remuneracións (414.200 €) e Seguridade Social a cargo da empresa (74.800 €).

### Amortización

DESCRIPCIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados			
	Gastos excepcionais			
	Ingresos excepcionais			
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	1.181	1.599	1.258
	14. Ingresos financeiros	63		
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	63		
	15. Gastos financeiros	-996	-1.166	-1.124
	a) Por débedas con empresas do grupo	-124	-124	-124
	b) Por débedas con terceiros.	-615	-697	-702
	c) Por actualización de provisións	-257	-345	-299
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)	-933	-1.166	-1.124
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	248	433	133
	20. Imposto sobre beneficios	-75	-32	-10

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	174	401	123
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	174	401	123

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario SPA.04**

**SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
<b>A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN</b>			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	248	433	133
2. Axustes no resultado	7.951	4.226	3.930
a. Amortización do inmovilizado (+)	4.341	4.232	4.246
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)	2.676	-1.171	-1.440
d. Imputación de subvencións (-)			
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-63		
h. Gastos financeiros (+)	996	1.166	1.124
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	-2.844	3.272	-265
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-2.897	3.200	-191
c. Outros activos correntes (+/-)			
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	66	72	-74
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)	-12		
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-450	-1.166	-1.124
a. Pagos de intereses (-)	-381	-1.166	-1.124
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)	63		
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)	-132		
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	4.905	6.765	2.674
<b>B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>			
6. Pagos por investimentos (-)	-158	-5	-1.520
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible	-157		-1.500
c. Inmovilizado material	-1	-5	-20
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)		697	702
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible		697	702
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-158	692	-818
<b>C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN</b>			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio			
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)			
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro			-2.307
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario SPA.04**

**SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
b. Devolución e amortización de:			-2.307
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			-2.307
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio	-5.000	-5.000	-5.000
a. Dividendos (-)	-5.000	-5.000	-5.000
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	-5.000	-5.000	-7.307
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	-254	2.457	-5.451
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	3.572	3.318	5.775
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	3.318	5.775	324







**GALERIA EMPRESA PÚBLICA DE  
SERVICIOS SANITARIOS, S.A.**

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2025 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A, no sucesivo, Galaria, (orixinariamente denominada Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A) foi creada en data 14 de xullo de 1994, mediante Decreto 229/1994 como Sociedade Pública Autónoma con forma de Sociedade Anónima e cun cen por cen de participación do capital da Xunta de Galicia. Con posterioridade, o 19 de setembro de 2008, publícase no DOG o Decreto 209/2008, do 28 de agosto, polo que se modifican a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. e de acordo co artigo 1 pasará a denominarse Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. Galaria ten por obxecto a actividade asistencial, o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultaría no eido sanitario, a prestación de servizos de xestión ordinaria e administración de outras sociedades ou fundacións públicas, así como a prestación de calquera servizo relacionado co ámbito sanitario. Adicionalmente a principios de 2023 modificouse o obxecto social incorporándose a "participación en iniciativas, proxectos ou actividades de I+D+I en Biomedicina ou en Ciencias e Tecnoloxías da Saúde e outras relacionadas co sector sanitario que permitan a xeración de coñecemento científico ou tecnolóxico no ámbito da saúde, así como a súa aplicación e transferencia, sen prexuízo das competencias de ACIS"

Galaria é unha sociedade pública autónoma que se constitúe como medio propio personificado respecto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do Sector público autónomo para a execución de actividades que lle sexan encargadas por esta ou polos seus organismos e entidades de natureza pública, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social

#### I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E1	0 reto demográfico
E1	

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E1	PA1.4	Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
E1	PA1.4	Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade

I.1.a.- 2024 - Un exercicio de desenvolvemento dos novos proxectos e consolidación dos cambios tecnolóxicos realizados nos últimos anos

1) Actividade asistencial: Como en anos anteriores, no 2024 Galaria concentrou a súa actividade, e con ela os seus gastos, nas súas unidades dedicadas á atención sanitaria especializada no Sur de Galicia:, Oncoloxía Radioterápica e Radiofísica Hospitalaria, Medicina Nuclear en Vigo e Ourense.

Outra partida importante é a de Diagnóstico por Imaxe (xestión dos equipos de resonancias magnéticas móbiles do Sergas atendendo principalmente a demanda de hospitais comarcais que carecen desta tecnoloxía pero colaborando cada vez máis con hospitais con equipos fixos atendendo as súas peticións co fin de axudar na xestión da súa lista de espera, e na medida das posibilidades dos equipos dispoñibles.

No 2024 xa está en marcha a totalidade do equipamento vinculado ao Plan de Inversión en Alta Tecnoloxía (INVEAT) sanitaria que impulsa o Ministerio de Sanidad grazas aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mellorando significativamente os procesos terapéuticos asociados a enfermidades crónicas, oncolóxicas e neurolóxicas. Concretamente, as cinco gammacámaras das unidades de medicina nuclear de Vigo e Ourense; onde, ademais da renovación do equipo Pet/CT do hospital do Meixoeiro incorporouse un novo equipo Pet en Ourense. Así esmo a renovación do TAC de planificación na Unidade de Oncoloxía radioterápica. Neste sentido, Galaria, en coordinación coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, levou a cabo xestións oportunas para que a actividade asistencial non se vise afectada de forma significativa e cumprindo en todo caso cos estándares de calidade e seguridade que unha intervención deste tipo demandaba.

Ademais, dada a presión asistencial en probas de resonancia durante 2024 decidiuse temporalmente manter o parque móbil de resonancias en catro equipos permitindo aumentala actividade desta unidade asistencial.

Adicionalmente durante 2024 Galaria levou a cabo as seguintes actividades:

2) Unidade de Consultoría: Colaboración co Sergas no asesoramento na compra de alta tecnoloxía sanitaria e apoio especializado ao Servizo de Obras e Investimentos. Realizar múltiples actuacións vincladas coa elaboración de pregos e informes de compras de equipos sanitarios, e informes de avaliación de ofertas de equipamento e todo aquilo vinculado con este eido. Participa nos novos proxectos asignados a Galaria como o Centro de produción de CAR-T, Estratexia de Terapia celular avanzada, Medicina personalizada, Estratexia de oncoloxía de precisión, Medicina 5P (predictiva, preventiva, personalizada, participativa e poboacional), e no proxecto de dotación do novo hospital de Pontevedra.

3) Elaboración e desenvolvemento da Estratexia Economía circular do Servizo Galego de Saúde aprobada polo Consello da Xunta en xuño de 2023, en liña coa Estratexia Galega de Economía Circular da Xunta de Galicia, polo que e 2024 participouse na seu desenvolvemento e implantación en tódolos centros de Galicia colaborando con outros

organismo nacionais e internacionais facéndonos socios da rede de hospitais verdes e partner da New European Bauhaus. Ademais participase en diversos proxectos Europeos como o Lie resistal, Green deal, Green hospital, Cleanway\_saude, race to zero, Clean-health.

4) Unidade Técnica de Protección radiolóxica (UTPR): Servizos a toda a rede Sergas (excepto en aqueles hospitais que contan con servizo de protección radiolóxica propio), para a avaliación e control de calidade de todos os equipos de radiodiagnóstico (incluídos os instalados polo Plan INVEAT) garantindo a seguridade para pacientes e traballadores. Ademais, continuouse coa posta en marcha do proxecto X-DOSE para a medición da radiación acumulada dos pacientes e dar así cumprimento a normativa en vigor.

5) Unidade de Radiofármacos PET de Galicia (Ciclotrón). Segue coa produción e subministro de radiofármacos aos hospitais do Sergas que contan con equipos de exploración PET (Santiago, A Coruña e Vigo) o que hai que engadir os novos equipos de Lugo e Ourense. Esta situación determina a necesidade de realizar un mportante esforzo inversor para a actualización e aumento de capacidade de produción.

6) Participa na xestión da Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, sita en Ordes, dedicada á preparación da práctica totalidade dos radiofármacos que se empregan na rede sanitaria (tanto pública como privada) de Galicia, introducindo novos radiofármacos as prestacións diagnósticas e terapéuticas dentro da oferta asistencial do Servizo Galego de Saúde.

7) O Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia. A denominada terapia con células T (CAR-T) é unha terapia de última xeración con novas estratexias terapéuticas e o seu desenvolvemento contribuirá a ofrecer oportunidades para tratar algunhas enfermidades que ata o momento carecen de tratamentos eficaces. Este proxecto foi financiado nas súas inversións a través dun fondo europeo REAC con 3M€. En 2024 remataron as principais inversións, realizándose traballos de acondicionamento e o inicio de servizos de control e validación necesarios previos a súa posta en marcha.

8) Centro de protonterapia de Galicia, 2024 foi o ano de inicio da fase construtiva do edificio principal deste importante proxecto asistencial unha vez rematado o aparcadoiro provisional, colaborando Galaria na elaboración do proxecto básico de deseño do centro, tratase do proxecto que se atopa nun estado mais avanzado dos nove proxectos de centros de protonterapia no SNS en España

9) Teléfono único do Sergas para toda á Comunidade: Este teléfono permite aos usuarios conseguir citas de atención primaria a calquera hora do día e calquera día da semana, con asistencia dun sistema automático de recoñecemento de voz (IVR), incluíndo tamén a funcionalidade de anulación / cancelación de citas de atención especializada e actualmente complementando o servizo de xestión de citas nos centros de saúde de-

nominado CRM100, co obxecto global de reducir os custos derivados da non asistencia a citas, por parte dos usuarios e coa vista posta en incorporar un servizo máis directo e amplo de atención de usuarios

10) Apoio na xestión ordinaria e administración de outras sociedades ou fundacións de carácter de público, vinculadas a actividades sanitarias e da saúde. Concretamente coláborase en diferentes ámbitos de xestión coa FPGM Xenómica.

A actividade realizada xeral enmárcase dentro das condicións reflectidas no contrato programa asinado entre o SERGAS e Galaria para o 2024 onde se definen os obxectivos de actividade e o seu financiamento, sendo necesario recoller nunha adenda o incremento dos niveis de actividade realizada e cobertura dos custos asociados así como polo aumento dos proxectos inicialmente encargados.

### 1.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2025	2026	2027
OE.1.4.01	Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación a prevención de enfermidades e problemas de saúde	21.815.381	19.512.182	19.554.196
OE.1.4.01	Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación a prevención de enfermidades e problemas de saúde	21.815.381	19.512.182	19.554.196
	<b>TOTAL</b>	<b>43.630.762</b>	<b>39.024.364</b>	<b>39.108.392</b>

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2025	2026	2027
00.1.4.01	Asistencia sanitaria que responde ás necesidades da cidadanía actual e que se adapta aos cambios demográficos, especialmente ao avellentamento da poboación	21.815.381	19.512.182	19.554.196
00.1.4.01	Asistencia sanitaria que responde ás necesidades da cidadanía actual e que se adapta aos cambios demográficos, especialmente ao avellentamento da poboación	21.815.381	19.512.182	19.554.196
	<b>TOTAL</b>	<b>43.630.762</b>	<b>39.024.364</b>	<b>39.108.392</b>

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2025	2026	2027	UNIDADES
B.AA	Procesos oncolóxicos	7.960.423	7.734.734	7.751.874	2510
B.AB	Resonancias magnéticas (unidades móvilespit)	4.842.786	3.369.465	3.377.264	25000
B.AC	probos e tratamentos de medicina nuclear e pet	4.443.301	4.499.820	4.326.895	12600
B.CA	Solicitudes controis de protección radiolóxica	490.234	476.335	477.390	
B.CB	produción de radiofármacos ciclotrón	2.397.647	1.843.846	2.030.425	11900
B.CB	Unidade de terapia celular Car-T	894.812	824.093	824.766	5
B.XA	Solicitudes atendidas (Call Center)	266.406	258.852	259.426	

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2025	2026	2027	UNIDADES
B.XA	Solicitudes de traballos (estudo novas tecnoas)	70.038	68.053	68.204	
B.XA	Solicitudes de traballos recibidas (Consultoría)	449.734	436.984	437.952	

Para o 2025 a actividade e os obxectivos operativos por unidades serían:

l) Actividade asistencial:

- Oncoloxía Radioterápica: A incorporación progresiva que se estivo a realizar dos novos aceleradores lineais está propiciando un importante incremento dos tratamentos en IMRT e VMAT, moito máis complexos e eficientes que permiten aplicacións de radiación máis precisos e polo tanto moito máis seguros para o paciente, pero en cambio, consume maiores tempos de máquina e tamén de profesionais dada a súa maior complexidade na realización de cálculos de radiacións e un seguimento máis pormenorizado do paciente. A xestión asociada a esta evolución nos tratamentos e do incremento da demanda é un reto que precisa dun control exhaustivo das listas de espera e da capacidade dos equipos tratando de conseguir os mellores tratamentos no menor tempo posible

A actividade da unidade vese condicionada pola capacidade física das máquinas de alta tecnoloxía e o efecto que avarías poden incidir de forma importante no seu rendemento. O aproveitamento dos tempos dispoñibles duns equipos de alta precisión é fundamental para reducir o elevado custe do equipamento por paciente tratado.

A nivel orzamentario, ademais dos elevados e crecentes custes de mantemento e amortización dun equipamento tan complexo, está o aumento dos custes de consumos e subministrados que afectan as necesidades financeiras da unidade

- Diagnóstico por Imaxe: o proceso de renovación das unidades de resonancia magnética móbil finalizou en verán do 2023 grazas ao Plan INVEAT, renovándose a totalidade das unidades o que permitirá mellorar de forma significativa as prestacións e a eficiencia da unidade, reducíndose de forma considerable os tempos de parada por mantementos dos equipos antigos, así como ofrecer aos doentes as mellores prestacións nun ambiente máis cómodo e funcional. Isto permite no 2025 dar resposta, dentro da capacidade dos equipos existentes, á crecente demanda dos hospitais comarcais e manter a colaboración con hospitais con resonancias fixas tanto na realización de probas nos equipos móbiles como para o informado de probas realizadas nos equipos fixos, sempre baixo as indicacións realizadas pola DXAS aproveitando a experiencia de Galaria na realización de informes a distancia.

O nivel de actividade ben condicionado pola capacidade dos equipos móbiles así como de tempo de informado por parte dos radiólogos. Esta actividade pode incrementarse empregando un cuarto equipo de resonancia móbil de producirse necesidades de actividade a criterio da DXAS do Sergas e de dispor do financiamento necesario.

- Medicina Nuclear de Vigo e Ourense: son as unidades de maior transformación dada a substitución de todo equipamento de alta tecnoloxía e a incorporación dun novo equipo Pet en Ourense o que deriva nunha transformación radical nas prestacións diagnósticas da unidade dispoñendo de equipos de última xeración. Todos estes cambios permiten no 2025 incrementar o nivel de complexidade das probas a realizar elaborando informes máis detallados e precisos, mellorando así a eficiencia asistencial dos pacientes que ademais, no caso do Pet de Ourense evitarán ter que desprazarse a Vigo para a realización destas probas diagnósticas.

No servizo de Medicina nuclear, esta mellora nas prestacións permite a realización de novas probas diagnósticas con novos radiofármacos, por contra isto supón un aumento importante dos custes de aprovisionamentos e dos custes de mantemento e amortización de equipos, así como máis tempo de informado por proba o que aumenta o custe por proceso, e que sumado a un aumento da demanda no Pet deriva nunha maior necesidade de financiamento polo que de non aumentar o financiamento é difícil manter o nivel de actividade.

En tódalas unidades asistencias e importante sinalar o aumento do custe de persoal derivado dos últimos incrementos na nómina e pola redución de xornada laboral que incide na dispoñibilidade de persoal asistencial e da actividade. Este maior custe xunto cos mencionados anteriormente derivan na necesidade dun aumento de financiamento para manter niveis de actividade. Dado que o orzamento so aumenta polo maior custe de persoal mantenso para o resto conceptos de gasto a estimación e que as unidades terán que reducir os seus niveis de actividade para compensar eses maiores custes co mesmo orzamento.

Respecto do resto de unidades para o 2025:

2) Unidade de Consultoría: As liñas de traballo no vindeiro ano 2025 xirarán, como ven sendo habitual, arredor do asesoramento na compra de equipamento de alta tecnoloxía, planificación estratéxica de investimentos, plans de dotación completa do equipamento de centros hospitalarios e centros de saúde, destaca para o ano 2025 o asesoramento no ámbito técnico e metodolóxico da execución da primeira fase (Fase 0) do Plan de Investimentos do Novo Montecelo coa dotación que debe coordinarse coa fase final da obra.

Tamén mencionar os proxectos de innovación que requira a participación dos profesionais de Galaria e colaborar nos proxectos de innovación xestionados pola Axencia de Coñecemento do Sergas (ACIS) e de forma moi importante no proxecto de técnicas de inmunoterapia celular avanzada, economía circular e as estratexias e programas que dentro do ámbito asistencial sexan requiridas polo Sergas.



3) Na Estratexia Economía circular do Servizo Galego de Saúde, seguir co mencionado anteriormente de participar e avanzar no desenvolvemento e implantación en tódolos centros de Galicia e colaborar con outros organismo nacionais e internacionais en proxectos de eficiencia medioambiental no ámbito sanitario.

4) Unidade Técnica de Protección radiolóxica (UTPR): Proporcionar servizos de protección radiolóxica e física médica aos servizos do Sergas que contan con instalacións médicas que empregan radiacións ionizantes. Consolidar nos hospitais do Servizo Galego de Saúde do programa de medición de radiacións en doentes (X-DOSE) e aplicar medidas fundamentais relativas á protección de pacientes e do persoal exposto as radiacións ionizantes. Este proxecto carece actualmente de financiamento definido. Actualmente xa está rematado o plan de implantación e precísase da formación de comités de profesionais das distintas áreas sanitarias que senten as bases para o análise uniforme dos datos obtidos.

5) Unidade de Radiofármacos PET de Galicia (Ciclotrón). Este centro levará a cabo fortes inversións que permita aumentar a produción de forma significativa para subministrar radiofármacos aos equipos Pet actuais de Vigo, Santiago e A Coruña (Oncolóxico) e para os novos equipos de Lugo e Ourense actualmente xa en marcha.

A demanda do nº de doses destes radiofármacos, sempre á alza desde que comezou o funcionamento da unidade, e o incremento previsto do número de equipos PET no SERGAS nos próximos anos, terá como resultado un incremento da necesidade de produción atendida aumentando a capacidade de traballo do ciclotrón mediante a súa actualización. Actualizacións e ampliacións necesarias que se recollen no proxecto de inversións.

Estas inversións, e o aumento do custe por mantemento do equipo (do 2008) xunto co maior custe dos subministros fai necesario actualizar os custes asociados a cada dose producida

Ademais, pouco a pouco e segundo a lexislación vixente e as autorizacións correspondentes, estase estudando a posibilidade de incorporación de novos radiofármacos, como F-dopa, PSMA e outros radiofármacos marcados con carbono, que poden mellorar o diagnóstico PET para o que será preciso destinar financiamento específico.

6) Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, seguir colaborando na dirección e xestión do Centro facendo o seguimento de custes e produción en consonancia coas demandas das unidades de medicina nuclear. Incorporación de novos radiofármacos, definición de inversións e seguimento das mesmas, implantación de novos sistemas e controis de calidade

7) O Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia. Para 2025 espérase o inicio da fabricación de terapias con células T (CAR-T) concretamente a través do ensaio clínico ARI003 para linfoma. Finalizadas as obras e principais inversións no antigo Instituto de Ortopedia e Banco de tecidos músculo esqueléticos cedidas pola USC, hai que sinalar

que este proxecto ten un custo intensivo en persoal (incluído no orzamento) e en aprovisionamentos e servizos, algúns de gran especificade e complexidade, que actualmente non contan cun financiamento definido.

8) Posta en marcha do Centro de protonterapia de Galicia, Actualmente en fase de construción esperando que esta rematado o edificio no 2025 para a posterior instalación do equipamento e a autorización do CSN e posta en marcha da instalación estimada para 2026.

9) Teléfono único do Sergas para toda a Comunidade: No 2025 se seguirá atendendo a toda a poboación galega mantendo un custo similar aos anos anteriores e ampliando o servizo incorporando a coordinación co aplicativo de rexistro de peticións de cita CRM100

10) Apoio na xestión ordinaria e administración de outras sociedades: Manterase o apoio na xestión ordinaria y administración de outras sociedades ou fundacións de carácter de público, vinculadas a actividades sanitarias, fundamentalmente a Fundación PG de Medicina Xenómica.

Concretamente no ano 2025 seguirá prestándose apoio en temas de RRHH e expedientes de contratación, así como na nova carteira de servizos, no novo contrato programa e no programa específico Xenoma Galicia.

Adicionalmente, prestarase apoio metodolóxico á Fundación na elaboración dun novo Plan Funcional e Programa de espazos que dea resposta ás necesidades tanto asistenciais como de investigación dos diferentes bloques e procesos que compoñen o laboratorio coa idea posta nun novo centro.

Finalmente acompañamento á Fundación na realización en 2025 do seu Plan Estratégico que permita o seu crecemento ordenado pensando nos importantes aumentos esperados nos niveis de actividade.

Tamén se está prestando apoio no Plan de calidade, esperando ter certificada parcialmente a unidades pola ISO 15700.

Ao igual que nos anos anteriores, a actividade que será posible realizar en 2025 calculouse a partir da dotación económica comunicada por Recursos Económicos do Sergas. Como xa ven sendo habitual, a situación económica actual continua esixindo a máxima eficiencia na utilización de recursos, a fin de poder dar cabida á maior actividade posible.

Os obxectivos estratégicos están referidos, de acordo co establecido no artigo 1 da Orde de 17 de xuño de 2024 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, segundo o recollido no novo Plan estratégico de Galicia 2022-2030 onde se recollen as liñas estraté-

xicas de investimento e gasto, baseados nun crecemento sustentable e cohesionado social e territorialmente.

Na consecución destes obxectivos estratéxicos, coa lóxica imposta polas limitacións económicas e da situación actual derivado do elevado nivel de incerteza xerado polas enormes tensións políticas, alta inflación en tódolos recursos e o endurecemento das políticas monetarias; Galaria pretende, dentro das limitacións orzamentarias existentes, seguir avanzando na incorporación de novas dotacións tecnolóxicas no ciclotrón e nas súas unidades de asistenciais, co obxecto de manter a capacidade de resposta asistencial coa máxima calidade que permite actualmente o estado da técnica, ademais de contribuír ao desenvolvemento da integración cos complexos hospitalarios onde estas unidades están emprazadas.

Así mesmo, Galaria propónse como obxectivo para 2025 seguir traballando na mellora dos seus sistemas de calidade que permita renovar as certificacións ISO 9001 nas súas unidades certificadas que en 2024 cumpre 21 anos certificadas. Un éxito organizativo e de xestión continuado dos profesionais da Sociedade.

## I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2025	CONCELLO
ACTUALIZACIONES DE SISTEMAS RDTP	2.024	2.024	75.000	75.000	3652057
CONSOLA SIMULACIÓN	2.024	2.024	12.000	12.000	3652057
DOSÍMETRO LECTURA DIRECTA	2.024	2.024	3.000	3.000	3652057
ELECTRÓMETRO y CARRO Y EQUIPOS ACCESORIOS	2.024	2.024	20.000	20.000	3652057
ENFRIADORA YORK (Tejado) Y SISTEMA DE AGUA	2.024	2.024	200.000	200.000	1538078
EQUIPAMIENTO LABORATORIO	2.024	2.024	5.000	5.000	1538078
EQUIPO DE DESCONGELACIÓN AUTOMÁTICA DE BOLSAS DE SANGRE	2.024	2.024	20.000	20.000	1538078
EQUIPO DE MEDIDA PARA ACCELERADORES	2.024	2.024	80.000	80.000	3652057
EQUIPO GENERADOR PARA VENTILACIÓN PULMONAR	2.024	2.024	40.000	40.000	3232054
EQUIPOS BRAQUITERAPIA	2.024	2.024	20.000	20.000	3652057
EQUIPOS DE MEDIDA	2.024	2.024	5.000	5.000	3652057
ESTACIONES DIAGNÓSTICO/ ORDENADORES	2.024	2.024	8.000	8.000	3652057
ESTACIONES DIAGNÓSTICO/ ORDENADORES	2.024	2.024	5.000	5.000	3652057
INSTALACIÓN TANQUE EXTERNO N2 + TUBERIA DE VACÍO HASTA LA SALA DE CRIOGÉNIA	2.024	2.024	50.000	50.000	1538078
LICENCIAS	2.024	2.024	30.000	30.000	3652057
MANIQUIS PARA CONTROL DE CALIDAD	2.024	2.024	10.000	10.000	1538078
MOBILIARIO	2.024	2.024	10.000	10.000	1538078
MONITORES DE RADIACIÓN AMBIENTAL	2.024	2.024	20.000	20.000	1538078

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2025	CONCELLO
MONITORES DE SEÑALES BIOMÉDICAS	2.024	2.024	15.000	15.000	3652057
MULTIMETROCONTROL DE CALIDAD	2.024	2.024	20.000	20.000	1538078
NUEVOS SERVIDORES CHUVI	2.024	2.024	30.000	30.000	3652057
ORDENADORES	2.024	2.024	4.000	4.000	3232054
ORDENADORES E EQUIPAMENTO INFORMÁTICO	2.024	2.024	10.000	10.000	3652057
ORDENADORES Y MONITORES Y SOFTWARE DE ANÁLISIS	2.024	2.024	10.000	10.000	3652057
ORDENADORES Y PANTALLAS 21"	2.024	2.024	10.000	10.000	3652057
OTRO EQUIPAMIENTO	2.024	2.024	10.000	10.000	3232054
RESONANCIA MÓBIL	2.024	2.024	1.750.000	1.750.000	3652057
SISTEMA DE VERIFICACIÓN DE CÁLCULOS EN ACELERADORES Y DOSIMETRÍA DE TRÁNSITO 2 LICENCIAS	2.024	2.024	125.000	125.000	3652057
SISTEMA INTEGRADO DE DISPENSACION DE RADIOFARMACOS.	2.024	2.024	400.000	400.000	1538078
SOFTWARE ADQUISICIÓN IMÁGENES DE AI	2.024	2.024	100.000	100.000	3652057
SONDA GAMMADETECTORA	2.024	2.024	15.000	15.000	3652057
TARGET SWITCH ACTUALIZACIÓN	2.024	2.024	30.000	30.000	1538078
TOTAL INVERSIONES MENORES	2.023	2.023	72.000	72.000	3652057
		<b>TOTAL</b>	<b>3.214.000</b>	<b>3.214.000</b>	

A principal inversión actualmente en tramitación no 2024 corresponde coa actualización do equipo Ciclotrón que permita aumentar de forma significativa os niveis de produción de radiofármacos.

No 2025 levarase a cabo igualmente inversións nas instalacións asociados ao propio equipo Ciclotrón que tamén requiren dunha importante renovación

Por outra banda incorporarae unha nova resonancia magnética móbil de última xeración que permitirá aumentar de forma importante as prestacións desta unidade asistencial dado o forte incremento de demanda destas probas diagnósticas

Adicionalmente levaranse a cabo diversas inversións nas diferentes unidades asistenciais e o Car-T co fin de mellorar a súas prestacións e eficiencia

### I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Santiago	2.319.871	1.530.496	765.000
Ourense	592.696	391.021	54.000
Vigo	8.294.885	5.472.412	2.395.000
<b>TOTAL</b>	<b>11.207.452</b>	<b>7.393.929</b>	<b>3.214.000</b>

Convén indicar que Galaria xestiona diferentes unidades de carácter itinerante como son tres resonancias móbiles que prestan servizos en diferentes hospitais comarcais e a unidade de protección radiolóxica que atende a totalidade dos Centros do Sergas que non dispoñen de unidade propia de protección radiolóxica (o persoal adscrito a esta unidades considerouse pertencente a Vigo a efectos de territorialización).

#### I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

##### I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

##### INGRESOS

##### Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2025	2026	2027
INGRESOS FINANCEIROS	25.000	25.000	25.000
OUTRO INGRESOS	15.000	15.000	15.000
PARTICULARES, PRIVADOS E OUTRAS EMPRESAS	455.000	455.000	455.000
<b>TOTAL</b>	<b>495.000</b>	<b>495.000</b>	<b>495.000</b>

##### Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Axencia Galega do Coñecemento	3.000	18.078	0
Consellería de Emprego e Igualdade	11.797	0	0
GAIN	48.086	62.000	91.520
SERVIZO GALEGO DE SAUDE	18.569.772	17.586.586	18.961.573
<b>TOTAL</b>	<b>18.632.655</b>	<b>17.666.664</b>	<b>19.053.093</b>

	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Subvencións Correntes Recibidas do Estado	25.374	25.374	25.374
Subvencións Correntes Recibidas da UE	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>25.374</b>	<b>25.374</b>	<b>25.374</b>

As principais transferencias e subvencións de explotación se corresponden principalmente co financiamento da actividade asistencial. Así mesmo recíbense subvencións para financialo custe do centro de produción de radiofármacos Pet de Galicia (Ciclotrón), consultoría, servizo de cita previa e para a Unidade de protección radiolóxica (UTPR)

##### GASTOS

##### Gastos de persoal

	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Nº Empregados	203	201	210
Custo Total	10.797.029	11.647.834	11.207.452
Custo Medio	53.187,33	57.949,42	53.368,82

O importe correspondente a Gasto de persoal aumenta como consecuencia da aplicación dos importes vinculados a actualización aprobada para o 2025 e para a nova unidade Pet de Ourense .

### Outras remuneracións ao persoal

Durante os exercicios 2023 e 2024 os membros do Consello de Administración non percibiron importe algún en concepto de retribucións e dietas

### Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027
ARRENDAMENTOS	1.225.934	70.000	71.207	71.207	71.207
OUTROS SERVICIOS	345.753	331.769	252.779	252.779	252.779
PRIMAS DE SEGUROS	104.901	100.000	110.000	110.000	110.000
REPARACIONES E CONSERV	1.189.363	1.758.575	2.852.439	2.852.439	2.852.439
SERVIZOS INDEP.	283.948	361.200	359.125	359.125	359.125
SUBMINISTROS	89.861	90.000	90.315	90.315	90.315
TRANSPORTES	158.643	264.000	264.000	264.000	264.000
<b>TOTAL</b>	<b>3.398.403</b>	<b>2.975.544</b>	<b>3.999.865</b>	<b>3.999.865</b>	<b>3.999.865</b>

Os conceptos de gasto máis significativos dentro do epígrafe de servizos exteriores corresponde cos gastos asociados a reparación e conservación, e máis concretamente os gastos de mantemento asociados aos equipos de alta tecnoloxía sanitaria propiedade de Galaria (aceleradores, gammacámaras, resonancias móbiles, Pet, ciclotrón, etc.)

### Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Amortización do inmovilizado intanxible	26.568	24.569	20.201
Amortización do inmovilizado material	806.083	1.174.514	1.315.844
<b>TOTAL</b>	<b>832.651</b>	<b>1.199.083</b>	<b>1.336.045</b>

A variación no epígrafe de “gasto por amortización” débese principalmente ao inicio de amortización de inversións executadas ao longo destes últimos anos relacionadas co Centro de produción de terapias Car-T así como a posta en marcha dun novo equipo de resonancia móbil (remolque) no verán de 2023 amortizándose ao longo de todo o ano 2024

### I.4.2. Previsións Orzamento de capital

#### ORIXES

#### Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
SERVIZO GALEGO DE SAUDE	1.661.648	0	0

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
<b>TOTAL</b>	<b>1.661.648</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

### Financiamento alleo a longo prazo

As principais débedas a longo prazo corresponden con diferentes contratos de arrendamento financeiro asociados a adquisición de maquinaria formalizados en decembro de 2017. A finais de 2020 e principios de 2021 formalizaranse dous novos contratos de arrendamento financeiro (substitución dunha resonancia móbil e módulos de síntese do Ciclotrón). O tipo de interese dos contratos de arrendamento financeiro formalizados en 2019 está referido ao Euribor a doce meses máis un diferencial de 0,48 puntos. No caso dos contratos a formalizar no 2020 e principios de 2021 o diferencial é do 0,45 puntos

### Remanente de Tesourería

	2023	2024
1. Fondos líquidos	1.710.839	85.000
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	3.526.967	3.669.186
Do orzamento corrente	0	0
De orzamentos pechados	0	0
De operacións non orzamentarias	0	0
De operacións comerciais	3.526.967	3.669.186
3. Obrigas pendentes de pago (-)	3.370.295	4.216.110
Do orzamento corrente	0	0
De orzamentos pechados	0	0
De operacións non orzamentarias	0	0
De operacións comerciais	3.370.295	4.216.110
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	1.867.511	-461.924
II. Exceso de financiamento afectado	0	0
III. Saldos de dubidoso cobro	461.413	461.413
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	1.406.098	-923.337

### APLICACIONES

#### Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIONES INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Investimentos en equipamento diagnóstico por imaxe	703.225	10.085	1.855.000
Investimentos en equipamento medicina nuclear	55.880	75.392	77.000
Investimentos en equipamento protección radiolóxica	14.479	18.150	30.000
Investimentos en equipamento radiofísica	64.405	15.045	243.000
Investimentos en equipamento radioterapia	73.469	14.750	132.000
Investimentos en equipamento unidade de produción de radiofármacos	80.070	443.653	650.000
Investimentos en equipamento xeral	20.432	4.720	142.000
Investimentos en equipamento proxecto CAR-T	1.587.000	144.090	85.000

---

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
<b>TOTAL</b>	<b>2.598.960</b>	<b>725.885</b>	<b>3.214.000</b>



ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
A) ACTIVO NON CORRENTE		6.934	6.300	8.399
I. Inmobilizado intanxible		25	19	129
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de comercio				
5. Aplicacións informáticas	25	19	129	
6. Outro inmobilizado intanxible				
II. Inmobilizado material	6.542	6.064	7.832	
1. Terreos e construcións				
2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material	5.345	6.064	7.832	
3. Inmobilizado en curso e anticipos	1.197			
III. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	129	129	129	
1. Instrumentos de patrimonio	129	129	129	
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Activos por imposto diferido	238	88	309	
B) ACTIVO CORRENTE	4.810	3.348	2.666	
I. Activos non correntes mantidos para a venda				
II. Existencias	34	55	60	
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos	34	55	60	
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materias recuperados				
6. Anticipos a provedores				
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	3.066	3.208	2.552	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	96	156	85	
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas		144		
3. Debedores varios		32	25	
4. Persoal	6	6	8	
5. Activos por imposto corrente	70	2	185	
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	2.894	2.868	2.250	
7. Accionistas ( socios ) por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Periodificacións a curto prazo				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025				
GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	1.711	85	55
	1. Tesourería	1.711	85	55
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	<b>TOTAL ACTIVO ( A+B )</b>	<b>11.745</b>	<b>9.648</b>	<b>11.065</b>

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS**

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
A) PATRIMONIO NETO		5.542	2.987	2.714
A.1) Fondos propios		3.358	1.032	1.032
I. Capital		1.275	1.275	1.275
1. Capital escriturado		1.275	1.275	1.275
2. ( Capital non esixido)				
II. Prima de emisión				
III. Reservas		1.986	2.034	2.034
1. Legal e estatutarias		421	421	421
2. Outras reservas		1.565	1.614	1.614
IV. ( Accións e participacións no patrimonio propias )				
V. Resultados de exercicios anteriores				-2.278
1. Remanente				
2. ( Resultados negativos de exercicios anteriores)				-2.278
VI. Outras aportacións de socios				
VII. Resultado do exercicio		97	-2.278	
VIII. ( Dividendo a conta )				
IX. Outros instrumentos do patrimonio neto				
A.2) Axustes por cambios de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos		2.184	1.956	1.683
B) PASIVO NON CORRENTE		2.038	1.446	3.118
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo		1.310	794	2.550
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro		1.183	674	2.520
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		127	120	30
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido		728	652	568
V. Periodificacións a longo prazo				
C) PASIVO CORRENTE		4.165	5.215	5.233
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda				
II. Provisións a curto prazo				
III. Débedas a curto prazo		794	999	1.204
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro		470	509	534
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		325	490	670
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar		3.370	4.216	4.028
1. Provedores		418	1.603	1.739
2. Provedores, empresas do grupo e asociadas				
3. Acredores varios				
4. Persoal ( remuneracións pendentes de pago)		1.837	545	507
5. Pasivos por imposto corrente		248	248	
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		867	1.820	1.782
7. Anticipos clientes				
VI. Periodificacións a curto prazo				
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO ( A+B+C )</b>		<b>11.745</b>	<b>9.648</b>	<b>11.065</b>

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN**

**GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS**

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	416	1.677	455
	a) Ventas	8	5	5
